


Lee a lectura e contesta as preguntas.

O pato Lucas

Lucas é un pato marrón e amarelo que vive nun lago. El é moi ruidoso. Gústalle moito nadar. Cando sae sacude as plumas para secarse. Logo busca vermes ou sementes para comer. Algunhas veces cando ve persoas, acérase a elas para que lle dean comida.



1. Quem é Lucas?

2. Que fai cando sae da auga?

3. Que come Lucas?

4. Os patos nacen de ovos. Entón que serán
Ovíparos ou vivíparos?

5. Escribe tres nomes de animais ovíparos.

Le a lectura e contesta as preguntas.

Isabel

Isabel é unha nena alta que ten o pelo rizado e negro. Os seus ollos son grandes e azuis.

Leva posto un vestido de cor verde. Leva un lazo no pelo, outro na cintura e dous nos zapatos.



1. Como é Isabel?

2. Como é o seu pelo?

3. Que é de cor verde?

4. Cantos lazos leva Isabel?

5. Que levas ti hoxe vestido?

Completa as frases co nome do debuxo correspondente.

Collin unha mazá da _____


Dentro da gaiola hai un _____

No cine comín _____

Fixen as tarefas co _____

A rapaza come un _____

O rato comeu _____



Le e logo responde as preguntas.

A miña bicicleta

Onte foi o meu aniversario. Cumpriñ seis anos e os meus avós regaláronme unha bicicleta nova. É de cor branco e verde e non ten rodíns.

Hoxe vou estrealala coa miña amiga María, que ten dous anos máis ca min. Iremos dar un paseo preto do río. Gústanos ir por alí porque a veces hai cabalos pastando e case os podemos tocar.

1. Que celebrei onte?

2. Que me regalaron os meus avós?

3. Cantos anos ten María?

4. Por qué nos gusta pasear polo río?

5. Ordena a seguinte oración.

anos Eu seis teño

Le atentamente.

Un día de praia.

O sábado fun coa miña familia a casa de meu tío que viven ao lado da praia. Despois de comer meus primos máis eu fomos ata a praia e estivemos nadando e xogando coas palas. Cando nos cansamos sentamos para merendar un bocadillo e froita. Ao anoitecer fomos a cear e despois limos un conto antes de durmir. O día seguinte tivemos que volver á casa porque o luns meus pais traballaban.

1. Onde viven meus tíos?

2. Que fixemos na praia?

3. Que fixemos antes de durmir?

4. Escribe o nome de catro froitas.

5. Que día volvemos á casa?

6. Separa a seguinte oración e logo escribe correctamente.

Eu comín un bocadillo.
